

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de decembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2014).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión ordinaria e da sesión extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(2015).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/415, 1/2011, 2018/23.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a María Martín Soy. Expte. 13/415.

- D^a Luisa Rodríguez Calvo. Expte. 1/2011
- D^a Isolina Domínguez Alonso. Expte. 2018/23

3(2016).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE COMEDOR EN LISTA DE ESPERA, CURSO 2008-2009. EXPTE. 38528/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social de data 15-12-2008, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar, da lista de espera das axudas de comedor concedidas segundo resolución de XGL de 4 de agosto de 2008, becas a alumnos/as que aparecían en dita lista de espera e que se achegan no listado adxunto (Anexo I). Esta relación comeza co alumno Martínez Comesaña, Pablo do CEIP. La Paz(Tintureira) con 6.50 puntos e remata con Elorfi, Achrafe do CEIP. Vicente Risco, con 4.00 puntos.

Segundo.- Autorizar, para o ano 2008, o gasto de 8.426,60 € con cargo á partida 3130.481.00.00 que completará o RC 200800017929 por importe de 124.000 € , e para o ano 2009, con cargo á mesma partida, 15.000 € que completará o RCFUT 200800017945 por importe de 246.000 €.

4(2017).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 5556/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego de data 15-12-2008, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aceptar as subvencións concedidas para contratar catro (4) axentes de emprego e desenvolvemento local en base as Resolucións TR351B 2008/40-5, 2008/41-5, 2008/42-5 e 2008/43-5 de data 15 de decembro de 2008 do Delegado provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

Segundo.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión do servizo e da contratación dos axentes de emprego, conforme ao establecido na orde de 21 de agosto de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a convocatoria pública de axudas e subvencións para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local, por un período de un ano.

5(2018).- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO LABORANDO”. EXPTE. 5499/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego de data 24-11-2008, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o establecido nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno de 3 de novembro de 2008, de procedemento de selección equipo técnico do programa experimental de emprego “VIGO LABORANDO”, nos apartados 1,b e 2 que quedan redactados como sigue:

“1) Natureza e duración dos contratos:

...

b) A duración dos contratos será o seguinte:

4 Orientadores/as.	4 meses do 1/12/2008 ao 31/03/2009.
2 Visitadores/as.	4 meses do 1/12/2008 ao 31/03/2009.
3 Aux.Administrativos.	4 meses do 1/12/2008 ao 31/03/2009.
7 Visitadores/as.	1 mes do 1/12/2008 ao 31/12/2008.
3 Aux.Administrativos	1 mes do 1/12/2008 ao 31/12/2008.

...

“2) Postos de traballo:

Catro (4) Orientadores/as Laborais.

Dous/dúas (2) Visitadores/as catro (4) meses, máis sete (7), un (1) mes.

Tres (3) Auxiliares Administrativos/as, máis tres(3), un (1) mes.”

6(2019).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON DE AQUALIA-SETEMBRO A DECEMBRO DE 2007- E ATRASOS OU DIFERENCIAS DENDE XANEIRO 1991 ATA AGOSTO 2007. EXPTE. 101328/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Investimentos de data 03-12-2008, conformado polo interventor xeral que di o seguinte:

“Con data 30 de xuño de 2008 a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello autoliquidación do canon concesional, correspondente o período setembro a decembro de 2007 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a agosto de 2007.

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 388.352,97€ correspondente a unha subministración de 12.945.099m³., a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 4.459,93€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Setembro a Decembro de 2007 por un importe de 388.352,97€ que corresponde a un volume de facturación 12.945.099m³.

2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata agosto de 2007, por un importe de 4.459,53€.

3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(2020).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO DANON DE AQUALIA-XANEIRO A ABRIL DE 2008- E ATRASOS OU DIFERENCIAS DENTE XANEIRO DE 1991 ATA DECEMBRO DE 2007. EXPTE. 101327/140.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Investimentos de data 03-12-2008, conformado polo interventor xeral que di o seguinte:

“Con data 1 de decembro ano 2008 a entidade, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga potable, AQUALIA, presenta no Rexistro Xeral deste concello autoliquidación do canon concesional, correspondente o período xaneiro a abril de 2008 así como a regularización dos ingresos dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) a decembro de 2007.

O canon concesional é un dos factores constitutivos da tarifa pola prestación deste servizo público e se ven a recadación do tributo é competencia da concesionaria, a súa retribución económica non inclúe, obviamente, o concepto do canon, que deberá ser ingresado a favor da administración concedente, en función dos m³ efectivamente recadados, en cumprimento do prego de cláusulas económico administrativas que rexeu o concurso, convocado para o outorgamento da citada concesión.

O importe autoliquidado, durante o citado período de catro meses reflicte unha facturación ingresada de 349.242,99€ correspondente a unha subministración de 11.641.433m³., a razón dunha repercusión unitaria de 0,030 €/m³. Con independencia disto efectúase unha regularización, dende a orixe da concesión, con respecto aqueles m³ facturados, que resultaron impagados nos períodos correspondentes, por importe de 3.038,94€.

A presente autoliquidación ten carácter provisional sendo competencia desta administración municipal levar a efecto as verificacións e comprobacións que estime pertinentes, practicando –no seu caso- a liquidación que proceda, de conformidade co establecido no artigo 120.2 da vixente Lei Xeral Tributaria (Lei 58/2003) e o seu concordante (artigo 52) da Ordenanza Fiscal Xeral.

De conformidade co anteriormente exposto esta xefatura proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1º *Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Xaneiro a Abril de 2008 por un importe de 349.242,99€ que corresponde a un volume de facturación 11.641.433m3.*
- 2º *Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata decembro de 2007, por un importe de 3.038,94€.*
- 3º *Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(2021).- PROXECTO DE EXECUCIÓN DE ACONDICIONAMENTO DA PROTECTORA DE ANIMAIS PARA GATEIRA, NAS DEPENDENCIAS DA CANEIRA MUNICIPAL. EXPTE. 6138/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do servizo de Medio Ambiente de data 17-12-2008, conformado pola concelleiro-delegado de área (Decreto delegación 30-10-2008), que di o seguinte:

“Co fin de proceder á reforma das dependencias da caneira municipal para a acollida e control dos gatos abandonados no termo municipal de Vigo, faise necesario realizar as obras de reforma previstas no anteproxecto da Enxeñería Rías Baixas, remitido pola Asociación Proxecto Gato ao amparo da addenda ao convenio coa Protectora de Animais e Plantas de Vigo.

No mes de outubro remitiuse unha solicitude á oficina de Obras Municipais para que preparasen un proxecto para o acondicionamento da Protectora de Animais para gateira. No día de hoxe a devandita oficina achega o proxecto informando que non se achega orzamento para a construción da obra, toda vez que as mesmas realizaranse con medios materiais e humanos do Concello de Vigo, e mais concretamente, a través da Unidade de Traballo para a Inserción Laboral (UTIL).

Á vista dos antecedentes anteriormente expostos, propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

1. *Aprobar o proxecto de acondicionamento da Protectora de Animais para gateira, nas dependencias da caneira municipal na subida á Madroa no Concello de Vigo.*
2. *Iniciar as obras de acondicionamento da Protectora de Animais para gateira de acordo ao devandito proxecto.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(2022).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES OREGA S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA POLICARPO SANZ, 18. EXPTE. 75345/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta da xefa de Transportes de data 03-12-2008, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención Municipal se proceda á devolución do aval constituído por CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. Co CIF B-32184558, por importe de 3.000€, por non se producir danos na vía pública.

10(2023).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GALORGO S.A. POR RETIRADA DE ÁRBORE EN RÚA PI I MARGALL PARA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO. EXPTE. 4359/446.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Montes, Parques e Xardíns do 10-12-2008, conformado polo concelleira delegada de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que se proceda a devolución de aval requirido a Galorgo S. A. por valor de 200,00 € por retirada de árbore en rúa Pi i Margall 105-107 por construción de edificio, xa que unha vez rematadas as obras a mesma foi reposta correctamente.

11(2024).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 50.000 € A FAVOR DA FUNDACIÓN CAIXANOVA POLOS GASTOS DERIVADOS DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1625/321.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

12(2025).- EXPEDIENTE PARA O ALLEAMENTO PARA CHATARRA DE 74 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 2545/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 11.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 74 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).

- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da

data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.”

13(2026).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. EXPTE. 2788/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 1.12.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de outubro de 2007, acordou adxudicar a Mulleres Progresistas de Vigo a xestión do servizo de atención domiciliaria á infancia. A retribución, según recolle o documento do contrato administrativo, será de 15,55 euros/hora o o pprezo anual de 140.000,00 euros.

Na cláusula 3ª do PCA que rexeu o concurso para a contratación (9 de xullo de 2007), recolle, en canto á revisión de prezos, que procederá transcorrido un ano do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional, no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

Na calaúsula 4º do contrato, establece que éste terá unha duración de dous anos, contados a partir de novembro de 2007. A vista do que a primeira revisión procederá a partir do 1 de novembro de 2008, e para o cálculo deste, dado que a apertura das ofertas económicas trataronse na Mesa de Contratación de 4 e 11 de setembro de 2007, ó prezo de adxudicación aplicaráselle o incremento do IPC setembro 2007/octubre de 2008, que según datos do INE foi de 4,9%.

O prezo global do contrato revisado será de 140.000,00 X 1,049 = 146.860,00 euros/ano; e o prezo hora revisado será de 15,55 X 1,049= 16,31 euros/hora.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de atención domiciliaria á infancia, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local de 15 de outubro de 2007, a Mulleres Progresistas de Vigo, establecendo éste, a partir do 1 de novembro de 2008, na cantidade de 146.860,00 euros/ano, e o prezo hora do servizo na cantidade de 16,31 euros/hora.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2027).- REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 7111/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 26.11.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Polo servizo de educación remiten a este servizo o expediente nº 7111/332 de contratación da xestión da escola municipal de música para a revisión de prezos.

A Xunta de Goberno local, en sesión de 2 de outubro de 2006, acordou adxudicar a Trobeiro S.L., o concurso para a xestión da Escola Municipal de Música, por un importe de 368.000,00 euros/ano e un prezo hora de prestación do servizo de 32 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobados pola Xunta de Goberno local de 28 de agosto de 2006 e a oferta presentada.

Na cláusula 4 do contrato administrativo firmado entre as partes establececese que o prazo do contrato será de dous anos, a contar dende o 2 de outubro de 2006, prorrogable por periodos anuais ata un máximo de dous.

Na cláusula 3.2 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo Excmo. concello de Vigo, modificado según informe da asesoría xurídica de 11 de agosto de 2006, establece que o prezo da contratación será obxecto de revisión, cando deste xeito se determine a súa procedencia, conforme ó indicado nos apartados 9.1 e 9.2 da FEC. A súa aplicación aterase ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCA.

No apartado 9.2 da FEC establece que procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

Na Xunta de Goberno local en sesión de 2 de xuño de 2008, acordou aprobar a revisión de prezos deste contrato, establecendo éste a partir do 2 de outubro de 2007 na cantidade de 377.936,00 e o prezo hora de prestación do servizo na cantidade de 32,86 euros.

Tamén se aprobou na mesma sesión da XGL a prorroga do contrato entre o 2 de outubro de 2008 ata o 2 de outubro de 2009.

O cálculo do prezo revisado será o seguinte:

Prezo vixente do contrato= 377.936,00

Incremento IPC anualidade anterior (setembro 2007/2008): 4,5%.

Prezo revisado: 377.936,00 X 1,045 = 394.943,12 euros/ano.

Prezo hora revisado = 32,86 X 1,045 = 34,34 euros/hora.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe a Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Municipal de Música, adxudicado á empresa Trobeiro S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de de 2 de outubro de 2006, establecendo o mesmo dende o 2 de outubro de 2008 na cantidade de 394.943,12 euros/ano e o prezo hora de prestación do servizo na cantidade de 34,34 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(2028).- ABOAMENTO DE COTAS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA QUINTELA Nº 25. EXPTE. 17432/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 24.11.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

O Concello de Vigo é propietario dun local comercial, situado na rúa Quintela nº 25.

Segundo datos que constan no inventario Municipal dito local foi adquirido por acordo do Pleno Municipal de data 7 de maio de 1987, formalizándose en escritura Pública de data 8 de xuño de 1987, figurando inscrito no Rexistro da Propiedade nº 2, Tmo 563, Libro 563, Folio212 e nº de finca 43559.

Por parte da Comunidade de propietarios do inmovible no que se atopa dito local, sito na rúa Quintela nº25, solicitan o pago das cuotas que ó Concello como propietario de dito baixo, lle correspondería aboar polos anos: 2004 (520,40 euros); 2005 (923,02 euros); 2006 (1.050,56 euros); 2007 (739,83 euros); 2008 ata julio (902,27 euros, ascendendo o total da deuda por este importe a cantidade de 4.136,08 euros.

Solicitan tamén o abono correspondente a derrama por obras no inmovible que ascenden a cantidade de 16.227,06 euros, e que ò Concello cunha cuota de participación do 11% correspondelle aboar. Esta deuda según manifesta no escrito de solicitude acordouse certificar o seu importe na Xunta de propietarios celebrada o día 16 de outubro de 2007.

O total da deuda do Concello ascendería polo tanto a cantidade de 20.363,14 euros, e como propietario de dito baixo, que segundo a escritura de división horizontal da propiedade representa un 11%, correspondelle aboar.

*Polo exposto anteriormente, **proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O***

Aboar a Comunidade de propietarios da rúa Quintela nº 25, en concepto de pago da cuota de comunidade correspondente os anos 2004,2005,2006,2007 e 2008, así como a derrama correspondente a obras efectuadas no inmovible, a cantidade de 20.363,14 euros, que ó Concello como propietario dun baixo Comercial en dito inmovible,cunha cuota de participación do 11% correspondelle aboar.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(2029).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL STA. MARTA DO CASCO VELLO. EXPTE. 7446/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 2.12.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

D. José Luis Rey Parente, en representación da entidade mercantil “Colegio los Milagros, S.L.”, solicita a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Santa Marta do Casco Vello.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de agosto de 2006, acordou adxudicar a “Colegio los Milagros S.l.”, a prestación da xestión do servizo da escola infantil municipal Santa Marta do Casco Vello, por un importe anual de 167.408,43 euros. Ademais adxudicouse un máximo de 12.000,00 euros, para a novación de matriais non inventariables precisos para a nova etapa da escola Infantil, e un prezo de 46,97 euros como importe da prestación do servizo fora de horario e días de funcionamento.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusul 3º-2 do prego de cláusulas administrativas particulares e na 9.2 da FEC (X.G.L. De 15 de maio de 2006), que recolle o seguinte:

“Procederá a primeira revisión de prezos do contrato transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato, e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá a variación experimentada polo IPC Nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a revisión inmediata anterior”.

A primeira prorroga do contrato foi aprobada pola XGL de 23 de xuño de 2008, para o período comprendido entre o 1 de agosto de 2008 e 31 de xulio de 2009.

Na Xunta de Goberno local de sesión 10 de decembro de 2007, acordou aprobar a 1º revisión de prezos do contrato, na cantidade de 170.421,78 euros/ano, e un prezo hora de 47,82 euros.

A vista do anterior, o prezo revisado será o resultado de aplicar ó prezo revisado o incremento do IPC do período agosto de 2007 a agosto de 2008, que según informe do INE foi de 4,9, polo que resulta un prezo revisado de 178.772,45 euros/ano, e un prezo hora fora de xornada de 50,16 euros.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Escola Infantil Municipal Sta. Marta do Casco Vello, adxudicado a entidade Mercantil “Colegio los Milagros, S.L.”, por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de agosto de 2006, fixando o prezo para a terceira anualidade do contrato, na cantidade de 178.772,45 euros/ano, e un prezo hora fora de xornada de 50,16 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(2030).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18444/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 16.11.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio, a xefa de fiscalización e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de marzo de 2005, adoptou o acordo de adxudicar a Contenur, S.L., o Lote II Parques infantís do do concello de Vigo, do concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, por un prezo anual de 237.704,16 euros/ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación e a oferta presentada. O prazo do contrato é de oito anos, contados dende o 1 de maio de 2005.

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula IV de prego de cláusulas Administrativas que rexeron a contratación, que recolle o seguinte:

“ 1.- O prezo de adxudicación do contrato será obxecto de revisión automática ó 1 de xaneiro de cada ano de vixencia do contrato.

2.- A primeira revisión terá lugar o 1 de xaneiro de 2006, e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional entre o período que medie entre a data de apertura de plicas e o 31 de decembro de 2005”.

Non obstante ó anterior, na cláusula 4º do contrato administrativo firmado entre as partes, recollese que o prazo do contrato comenará a contar dende o 1 de maio de 2005.

A vista do recollido na cláusula de revisión de prezos do contrato, e no contrato administrativo en canto o comenzo da prazo do contrato, o incremento de IPC a aplicar será o producido no periodo decembro de 2004/ abril de 2007, que según datos facilitados polo INE foi de 8,1%.

O prezo revisado do contrato, a partir de 1 de maio de 2007, será o resultado de aplicar o incremento do IPC decembro2004/abril2007), de 8,1%, ó importe do prezo inicial contractual, 237.704,16 euros, 256.958,20 euros.

Para calcular o prezo revisado para o periodo maio 2008/maio de 2009, aplicarase ó prezo da anualidade anterior (maio 2007/2008), o incremento do IPC do periodo abril 2007/2008, que según datos facilitados polo INE foi de 4,2%, resultando: $256.958,20 \times 1,042 = 267.750,44$ euros/ano.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento e conservación de parques infantís do Concello de Vigo, adxudicado a empresa Contenur, S.L., pola Xunta de Goberno Local de 29 de marzo de 2005, fixando dito prezo a partir do 1 de maio de 2008 na cantidade de 267.750,44 euros, ive engadido.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(2031).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a IMAXINERÍA S.L. a fianza por importe de 1.948 € constituída para responder da Xestión da Escola municipal de teatro xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 10122/332.

B) Devolver a FUJITSU SERVICES S.A.U. A fianza por importe de 9.504 € constituída para responder das accións 2 e 5 do proxecto Vigo dixital xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2542/241.

19(2032).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR EXCESO DE XONADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2008. EXPTE. 18636/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.12.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 5.12.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Francisco Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde

Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de novembro 2008, por un total de 29535.34 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS

20(2033).- PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA EVAP CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO-NOVEMBRO 2008. EXPTE. 33816/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.12.08 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 4.12.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aboar aos integrantes da EVAP que de seguido se relacionan as cantidades propostas, correspondentes aos meses de outubro e novembro de 2008, segundo acordo da Xunta de goberno local de data 10 de abril de 2008, con cargo a partida 12111500000.

Grado	nome	n pers	importe
Oficial	Jose Armando Garcia Veiro	76478	650.00 €
Policia	Lucia Vidal Lorenzo	79122	550.00 €
Policia	Pablo Antepazo Brun	79103	550.00 €
Policia	Bienvenido Avendaño Otero	21456	550.00 €
Policia	Pedro Martinez Lino	79363	550.00 €
			2850.00 e

Segundo: Deixar pendente a inclusion de D Jose Manuel Vazquez Varela a espera do informe do Suerintendente da Policia Local en canto ao desempeño efectivo das mesmas tendo en conta as suas limitacions para o desempeño das mesmas

21(2034).- VALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DA UTE IMES-ESYCSA POR IMPORTE DE 91.340,78 € EN CONCEPTO DO MANTENIMENTO DE TÚNELES E PASOS INFERIORES. EXPTE. 12758/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de intervención xeral, do 15.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 12.12.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer unha convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 91.340,78 Euros, correspondente á facturación dos meses de novembro e decembro de 2008, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneis e Pasos Inferiores” 4324.227.06.02.

22(2035).- MODIFICADO Nº 1 DO CONTRATO DE OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN DA ANTIGA ESCALINATA DA PRAZA DE PORTUGAL E UBICACIÓN NA RÚA BLEIN BUDIÑO. EXPTE. 57305/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do 10.12.08 asinado polo asesor xurídico a polo xefe administrativo da área de Servizos Xerais e conformado pola concelleira-delegada de Parques e Xardíns e pola concelleira-delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de “Reconstrucción da antiga escalinata da Praza de Portugal e ubicación na rúa Blein Budiño) por un importe de 114,593,11 euros, redactado polo técnico municipal director das obras e a empresa adxudicataria das mesmas con data 5 de decembro de 2008.

Segundo.- Aprobar a modificación do contrato subscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil contratista Unión Temporal de Empresas formada por Norvial, S.L. e Hidromiño, S.L., para a execución das obras do proxecto de “Reconstrucción da antiga escalinata da Praza de Portugal e ubicación na rúa Blein Budiño” por un importe de 114.593,11 euros.

O importe da modificación aos prezos que para cada unidade de obra figuran no contrato, ou que foron aceptados expresamente polo contratista no caso de prezos novos supón un importe de 114.593,11 e un IVE de 18.334,90 euros o que supón un total de 132.928,01 euros.

Terceiro.- A imputación do gasto deste modificado nº 1, segundo acorda Xunta de Goberno Local do 2 de decembro de 2008, será do seguinte xeito:

-53.000 euros con cargo á partida orzamentaria 4326.611.003

-79.928,01 euros con cargo á partida orzamentaria 5110.611.0010

Cuarto.- O modificado nº 1 non suporá modificación do prazo establecido no primitivo contrato para a finalización das obras.

Quinto.- Previa á sinatura do modificado do contrato o contratista deberá constituír na Tesourería Municipal a garantía en calquera das formas previstas na LCSP por importe do 5% do seu prezo, excluído o IVE, no prazo de 15 días contados a partir da notificación do acordo.

O acordo comunicárase ó Servizo de Contratación e ó contratista interesado para os efectos oportunos.

23(2036).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE OBRAS CON HUARTE LAIN S.A. POLO PERMISO DE CARGA E DESCARGA NA RÚA VELÁZQUEZ MORENO, 35. EXPTE. 56756/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 10.12.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 25/09/20087 OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. con C.I.F. A48010573 solicita a devolución do aval depositado na Tesourería Municipal con data 30/06/2006, número de operación 200600030205 do concepto non orzamentario 70200 e importe de 41.850,00 €, motivado polo permiso de carga e descarga por circulación na vía Velázquez Moreno, 35

No informe de inspección de data 24 de outubro de 2008, comprobouse que a vía pública e o pavimento quedou en perfectas condicións. Polo que se PROPÓN:

Proceder á devolución da fianza de 41.850,00 € (corenta e un mil oitocentas cincuenta euros), a favor de OBRASCON HUARTE LAIN, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(2037).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS. FASE I (ENTRE A IGREXA E O CENTRO CULTURAL). EXPTE. 725/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 16.12.08, que di o seguinte:

Obra: CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS. FASE I (entre a Igrexa e o centro cultural)

Localidade e situación: CANDEÁN-VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez

Dirección facultativa: D. Jorge Muñoz Rama

Contratista titular do plan: COVSA

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Eloy Fernández-Valdés Martínez-Estélez

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Fernando Pujales Lorenzo.

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Dña. Cristina Hermida Trasancos (APPLUS Norcontrol, S.L.U.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA MANUEL COSTAS BASTOS. FASE I (entre a Igrexa e o centro cultural).*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria COVSA, a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos

representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(2038).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA NA RÚA XUNCAL”. EXPTE. 761/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 16.12.08, que di o seguinte:

Obra: CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA NA RÚA XUNCAL

Localidade e situación: RÚA XUNCAL. NAVIA

Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: Enxeñeiro T. de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama

Dirección facultativa: D. Jorge Muñoz Rama

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ Y HERMIDA, S.L.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: Enxeñeiro T. de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: Enxeñeiro T. de Obras Públicas, D. Jorge Muñoz Rama

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Construcciones Fernández y Hermida

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: Dña. Cristina Hermida Trasancos (APPLUS Norcontrol, S.L.U.)

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚA NA RÚA XUNCAL.*
- 2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente*

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ Y HERMIDA, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan

presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(2039).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE “HUMANIZACIÓN DA ALAMEDA SUÁREZ LLANOS EN BOUZAS”. EXPTE. 50/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 10.12.08, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de goberno local acorda:

Primeiro.- Modifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de decembro de 2008 . Punto 20. “PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE HUMANIZACIÓN DA ALAMEDA SUÁREZ LLANOS DE BOUZAS .EXPTE. 54.499 / 250” para corrixir erro existente no importe adicional do modificado aprobado e onde di : aprobar o proxecto modificado nº 1 da “ Humanización da Alameda Suárez Llanos de Bouzas ” por un importe adicional de 74.826,63 euros, debe dicir 74.828,63 euros tal como consta na táboa comparativa do orzamento do proxecto modificado

Segundo.- Aprobar a modificación nº 1 do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. para a execución das obras do proxecto de “Humanización da Alameda Suárez Llanos” por un importe de 449.922 euros con cargo a partida orzamentaria 5110.611.0016.

O importe da modificación aos prezos que para cada unidade de obra figuran no contrato, ou que foron aceptados expresamente polo contratista no caso de prezos novos supón un importe de 64.507,44 € e un IVE de 10.321,19 € o que supón un adicional líquido de 74.828,63 euros.

Terceiro.- O modificado non suporá modificación do prazo establecido no primitivo contrato para a finalización das obras.

Cuarto.- Previa á sinatura do modificado do contrato o contratista deberá de constituír na Tesourería Municipal a garantía en calquera das formas previstas na L.C.S.P. por importe do 5% do seu prezo, excluído o I.V.E. no prazo de 15 días contados a partires da notificación do acordo.

O acordo comunicarase ao Servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos

27(2040).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE “ABASTECIMENTO DO ALTO DE CABRAL E CANDEÁN”. EXPTE. 49/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 10.12.08, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a modificación nº 1 do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil Aqualia Infraestructuras, S.A. para a execución das obras do proxecto de “ Abastecemento do alto

de Cabral e Candeán. Fase II, rede de distribución ” por un importe adicional líquido de 62.464,37 euros.

O importe da modificación aos prezos que para cada unidade de obra figuran no contrato, ou que foron aceptados expresamente polo contratista no caso de prezos novos supón un importe de 53.848,60 € e un IVE de 8.615,77 € o que supón un adicional líquido de 62.464,37 euros.

Segundo.- O modificado non suporá modificación do prazo establecido no primitivo contrato para a finalización das obras.

Terceiro.- Previa á sinatura do modificado do contrato o contratista deberá constituír na Tesourería Municipal a garantía en calquera das formas previstas na LCSP, por importe do 5% do seu prezo, excluído o I.V.E. no prazo de 15 días contados a partir da notificación do acordo.

O acordo comunicárase ao Servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos

28(2041).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE “HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DO MERCADO DE TEIS”. EXPTE. 48/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 4.12.08, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de goberno local acorda:

Primeiro.- Adxudicar as obras do proxecto modificado nº 1 de Humanización do contorno do Mercado de Teis e, polo tanto aprobar a modificación nº 1 do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil Sercoysa Proyectos y Obras, S.A. para a execución das obras do proxecto de Humanización do contorno do Mercado de Teis por un importe de 283.719,80 euros con cargo á partida orzamentaria 5110.611.0012

O importe adicional da modificación segundo escrito presentado polo contratista supón un importe de 46.534,65 € e un IVE de 7.445,55 € o que supón un total adicional líquido de 53.980,20 euros, tal como se indica no compromiso do contratista.

Segundo.- O modificado non suporá modificación do prazo establecido no primitivo contrato para a finalización das obras.

Terceiro.- Previa á sinatura do modificado do contrato o contratista deberá de constituír na Tesourería Municipal a garantía en calquera das formas previstas na L.C.S.P. por importe do 5% do seu prezo, excluído o I.V.E. no prazo de 15 días contados a partir da notificación do acordo.

O acordo comunicárase ao Servizo de Contratación e ao contratista interesado aos efectos oportunos

29(2042).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SANJURJO BADÍA”. EXPTE. 47/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 4.12.08, conformado

pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Aprobar a modificación nº 1 do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil Seroyssa proyectos y Obras, S.A. para a execución das obras do proxecto de “ Humanización da rúa Sanjurjo Badía. Fase 1 ” por un importe de 1.049.240,00 euros con cargo a partida 5110.611.0009

O importe da modificación aos prezos que para cada unidade de obra figuran no contrato, ou que foron aceptados expresamente polo contratista no caso de prezos novos supón un importe de 165.021,27 € e un IVE de 26.403,40 € o que supón un adicional líquido de 191.426,67 euros.

2º.- O modificado non suporá modificación do prazo establecido no primitivo contrato para a finalización das obras.

3º.- Previa á sinatura do modificado do contrato o contratista deberá de constituir na Tesourería Municipal a garantía en calquera das formas previstas na L.C.S.P. por importe do 5% do seu prezo, excluído o I.V.E. no prazo de 15 días contados a partires da notificación do acordo.

30(2043).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE “REFORMA DO SANEAMENTO DA RÚA OLÍMPICOS”. EXPTE. 45/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 22.12.08, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 4.12.08, conformado pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Aprobar a modificación nº 1 do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a mercantil Seroyssa Proyectos y Obras, S.A. para a execución das obras do proxecto de “ Reforma do Saneamento da rúa Olímpicos por un importe de 233.690 euros con cargo a partida orzamentaria 4410.611.00.03.

A natureza do título có que os comerciantes realizan a actividade non é pacífica en absoluto. Efectivamente, chegando ó punto de que o propio Tribunal Supremo caracteriza a relación existente entre os comerciantes (que, có correspondente título conferido pola Administración, ocupan os postos e bancadas do mercado e exercen unha actividade de natureza privada) e a propia Administración en ocasións de arrendamento (Sentenzas de 24/11/1979 Arz 4383 ou 30/09/1983 Arz 4663) noutras, de concesión de dominio público (Sentenzas de 25/01/1960 Arz 741 ou 3/05/1979 Arz 2256), dado o carácter de ben de dominio público que lle outorga ós mercados o artigo 4 do RD 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locáis ou incluso (Sentenza de 7/05/1981 Arz 2031) de concesión de servizo público, calqueira pronunciamento pode considerarse axeitado (e tamén non axeitado).

SEGUNDO.- En sesión ordinaria que tivo lugar o Sesión do 17 de setembro de 2007, a Xunta de Goberno Local tratou o seguinte asunto:

“20(1713).- DAR CONTA DA COMPLETA EXECUCIÓN DO CONVENIO DE RESOLUCIÓN DE MÚTUO ACORDO DA CONCESIÓN DA XESTIÓN DO MERCADO DO PROGRESO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y VENDEDORES DEL MERCADO DEL PROGRESO”. EXPTE. 18058/240.

(..)DÁSE CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL Do perfeccionamento do convenio de resolución de mutuo acordo coa Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso da concesión administrativa para a Xestión do Mercado do Progreso, de tal xeito que o Concello de Vigo asumíu plenamente a xestión directa do mesmo.(..)”

A asunción polo Concello de Vigo da xestión directa do Mercado implica que os contratos de arrendamento dos titulares dos postos que poideran existir con calqueira das concesionarias que con anterioridade xestionaron o Mercado quedan automaticamente extinguidos, e elo non tanto pola mención expresa que en moitos de eles se fai a este asunto coma causa pola que o contrato de arrendamento quedaría sin efectos coma polo feito de que, rescatada a concesión, éstos quedan automaticamente sin efectos, tal e coma establece, por todas e citando a súa anterior Sentenza de 25 de xuño de 1982(RJ 1982/4851), o Tribunal Supremo en Sentenza de 12 de febreiro de 1986 (RJ 1986/1435) cando afirma que "...al derivar sus pretendidos derechos de la concesión otorgada a otro, se extinguieron con los del concesionario y ello sin perjuicio de que la naturaleza jurídica de los bienes como el dominio público afectos a un servicio público, excluye toda posibilidad de un arrendamiento sometido a la Ley de Arrendamientos Urbanos...", e sin que as actuacións do Concello de Vigo neste período supoñan consentimento algún, pois, coma continúa decindo o Tribunal Supremo (e citando neste aspecto a súa Sentenza de 6 de xullo de 1981 –RJ 1981/3156-), "...ni la mera tolerancia o situación de precario, ni el percibo de una tasa, pueden por sí sustituir a un acto administrativo autorizante, ni originar, por lo tanto, derecho subjetivo alguno a la prolongación de la situación de precario..."

TERCEIRO.- Así pois, procedería declarar extinguidos todos os contratos que os titulares poideran ter formalizado coas concesionarias e asignar os postos segundo establece a normativa de aplicación, constituída, fundamentalmente, polos artigos 79 a 83 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), 263 e seguintes da Lei Autonómica 5/1997, da Administración Local de Galicia(LALGA), o RD 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais(RB), a Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e, no referente á contraprestación, polo RDLex 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL).

Da literalidade da normativa indicada, e toda vez que o uso dos postos polos comerciantes constitúe un dos supostos de bens de dominio público (art. 79 LRBRL) destinados ó servizo público (art. 4 RB), cuxo uso privativo (art 75 RB) implica que deben someterse a concesión (SSTS 11/5/1982 e 31/10/1982, entre outras).

O réxime de concesión está previsto, có carácter de básico que lle outorga o apartado 5 da Disposición final segunda da mesma, polos apartados 1 a 4 do artigo 93 da LPAP nos seguintes termos:

"1. El otorgamiento de concesiones sobre bienes de dominio público se efectuará en régimen de concurrencia. No obstante, podrá acordarse el otorgamiento directo en los supuestos previstos en el artículo 137.4 de esta Ley, cuando se den circunstancias excepcionales, debidamente justificadas, o en otros supuestos establecidos en las leyes.

2. Cualquiera que haya sido el procedimiento seguido para la adjudicación, una vez otorgada la concesión deberá procederse a su formalización en documento administrativo. Este documento será título suficiente para inscribir la concesión en el Registro de la Propiedad.

3. Las concesiones se otorgarán por tiempo determinado. Su plazo máximo de duración, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 75 años, salvo que se establezca otro menor en las normas especiales que sean de aplicación.

4. Las concesiones de uso privativo o aprovechamiento especial del dominio público podrán ser gratuitas, otorgarse con contraprestación o condición o estar sujetas a la tasa por utilización privativa o aprovechamiento especial de bienes del dominio público estatal regulada en el capítulo VIII del título I de la Ley 25/1998, de 13 de julio, de Modificación del Régimen Legal de las Tasas Estatales y Locales y de Reordenación de las Prestaciones Patrimoniales de Carácter Público, o a las tasas previstas en sus normas especiales(...)"

Norma que no que as concesións do Mercado do Progreso se refire implica, en primeiro lugar, que a referencia á contraprestación debe vir ás normas do TRLFL que, no seu artigo 24 establece o seguinte:

"1. El importe de las tasas previstas por la utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se fijará de acuerdo con las siguientes reglas: (...) b) Cuando se utilicen procedimientos de licitación pública, el importe de la tasa vendrá determinado por el valor económico de la proposición sobre la que recaiga la concesión, autorización o adjudicación(...)"

Así pois, o importe da contraprestación virá determinado polo canon anual imposto a cada un dos postos e éste será o xeito de cuantificación do importe pola concesión do dominio público local.

CARTO.- Así pois, compe declarar extinguidos os contratos de arrendamento e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrència, concesións de dominio público sobor dos postos, que terán as seguintes condicións:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:

TIPO	DESCRIPCION	CANON/MES
B	Bancada peixe 1º andar	90,62 €
C	Carnicería 1º andar	188,80 €
F	Froiterías 1º andar	123,00 €
M	Postos centrais 1º andar	90,62 €
VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	KIOSKO	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

- c) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización
- d) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíble ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
- e) Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes dereito a aparcar no aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos.
Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:
 - Talonario de 50 bonos de unha hora, 10 €
 - Talonario de 50 bonos de dúas horas, 25 €Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.
Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.
- f) Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión. Esta indemnización será de unha mensualidade para as obras

que se inicien en 2009 e 2010 e se refiran ás ampliacións de duración da concesión á que se refire o apartado seguinte da presente.

- g) No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.
- h) No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 20% do importe da táboa, sendo nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase únicamente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportunidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.
- i) Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.
- j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaranse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automaticamente e o resultado da súa actualización será exposta no taboleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou peche temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refire o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

QUINTO.- Nembargantes o indicado anteriormente en referencia á extinción dos contratos de arrendamento, considerando a dicción dos apartados c e i do artigo 137.4 da LPAP, e tendo en conta que a rendibilidade do inmovible non é o criterio para a adxudicación dos postos de venda tradicional, parece oportuno optar pola transformación dos contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar “servizo público de mercados” (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción proposta consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos postos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevéase a realización de importantes obras no Mercado, os actuais usuarios dos postos e quen ocupen postos en virtude de autorizacións provisionais, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 75 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quen estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- a) Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tivese fixado un prazo de finalización
- b) Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 75 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.
- c) Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 75, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensualidade e media por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 75

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciarásese sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción
- b) O 30 % antes do 31 de outubro de 2009
- c) O 30% antes do 30 de abril de 2010
- d) O 30% antes do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

SEXTO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederáse á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 75.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

Copia cotexada do NIF

Oferta económica e número de anos ós que opta

Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión

b) O 30% antes do 30 de abril de 2010

c) O 30% antes do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

SÉPTIMO.- A competencia para a aprobación do presente é da Xunta de Goberno Local, de conformidade coa Disposición Adicional segunda da LCSP, en relación coa Derrogatoria Única da mesma.

Vistos os feitos e fundamento de dereito indicados, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa remisión a Intervención Xeral, por si fose procedente a fiscalización do presente, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobor dos postos, que terán as seguintes condicións:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:

TIPO	DESCRIPCION	CANON/MES
B	Bancada peixe 1º andar	90,62 €
C	Carnicería 1º andar	188,80 €

F	Froiterías 1º andar	123,00 €
M	Postos centrais 1º andar	90,62 €
VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	KIOSKO	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

- c) *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización*
- d) *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*
Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíble ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
- e) *Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes dereito a aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos.*
Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:
- a. *Talonario de 50 bonos de unha hora, 10 €*
 - b. *Talonario de 50 bonos de dúas horas, 25 €*
- Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.*
Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.
- f) *Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión. Esta indemnización será de unha mensualidade para as obras que se inicien en 2009 e 2010 e se refiran ás ampliacións de duración da concesión á que se refire o apartado seguinte da presente.*
- g) *No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.*
- h) *No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 20% do importe da táboa, sendo nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase únicamente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportunidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.*

- i) Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.
- j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaráanse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automaticamente e o resultado da súa actualización será exposta no taboleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou peche temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refire o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

SEGUNDO.- Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar “servizo público de mercados” (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos postos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevéase a realización de importantes obras no Mercado, os actuais usuarios dos postos e quen ocupen postos en virtude de autorizacións provisionais, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 75 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quenese estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- a) Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tivese fixado un prazo de finalización
- b) Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 75 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.
- c) Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 75, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensualidade e media por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 75

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciarásese sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción
- b) O 30 % antes do 31 de outubro de 2009
- c) O 30% antes do 30 de abril de 2010
- d) O 30% ates do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

TERCEIRO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederásese á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 75.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Oferta económica e número de anos ós que opta
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión
- b) O 30% antes do 30 de abril de 2010
- c) O 30% antes do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(2055).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A INADMISIBILIDADE A TRÁMITE DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO IV DO PEPRI DE BOUZAS. EXPTE. 4841/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta de data 05-12-2005 asinado polo director da oficina de Planeamento e Xestión e polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo que di o seguinte:

“Por acordo de 30.09.02 o Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva ó Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Bouzas (Expte 5826/411).

O 17.02.06 parte dos propietarios de terreos incluídos na delimitación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, presentan escrito no que se insta a aprobación inicial de estatutos e bases de actuación.

Por acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 se deu aprobación inicial os estatutos e bases de actuación no polígono IV do Plan especial de protección e reforma interior do conxunto histórico de Bouzas.

Con posterioridade a propia Xunta de goberno local de 13.11.06 adoptou o seguinte acordo:“(…) PRIMEIRO.-Rectificar o erro material contido nos antecedentes do acordo da Xunta de goberno local de 2.10.06 polo que se aprobaron inicialmente os estatutos e bases de actuación do polígono IV do PEPRI de Bouzas, no que se refire á referencia ó polígono VI, cando en realidade debe figurar o IV (…).”

A Xunta de goberno local de 20.04.07 acordou aprobar definitivamente os estatutos e bases de actuación a aplicar ó “polígono IV do PEPRI de Bouzas” (4661/401). Así mesmo, se requiriu ós propietarios do polígono IV par que se constituíran en Xunta de Compensación no prazo máximo dun mes dende a notificación do acordo.

En data 27.08.07 a Xunta de Goberno Local deu aprobación á constitución da Xunta de compensación. Para elo, os promotores achegaron escritura pública de constitución de 23.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Rodríguez González (protocolo número 1184), así como a adhesión formalizada o 19.07.07 ante o mesmo Notario (protocolo 1750). Así mesmo, requiriuse ós órganos reitores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do RD 1093/97, de 4 de xullo.

O 5.08.08 don Pablo Mencía Cuerva presentou escrito (doc número 80097849) no que comunica a aprobación do proxecto de compensación na Asemblea Xeral Extraordinaria da Xunta de Compensación de data 23.07.08.

Pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 16 de maio de 2008 (DOGA de 3.06.08), se deu aprobación definitiva de xeito parcial ó Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Logo do correspondente informe, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: “(...) Inadmitir a trámite o proxecto de compensación do polígono IV do PEPRI de Bouzas <Expte 4811/401> por entender que é preciso a modificación do PEPRI de Bouzas no sentido de introducir a reserva de solo destinado a vivenda sometida a algún réxime de protección (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Admisibilidade do recurso de reposición presentado.- De acordo co previsto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo común, o recurso de reposición debe ser admitido.

*2.- Análise individualizada das cuestións tratadas polo recurso de reposición presentado por don Pablo Men-
cía Cuerva (doc 80135854).-*

2.1 Improcedente aplicación do PXOM aprobado definitivamente de xeito parcial pola Orde de 16 de maio de 2008 (DOGA 3.06.08).- O recorrente entende que non é de aplicación ó PXOM recentemente aprobado, en aplicación da disposición transitoria segunda da Lei 30/92, de 26 de novembro. Ao respecto, é necesario informar que existe unha regulación específica que trata o procedemento de aprobación dos proxectos de compensación. O mesmo ven contido no artigo 117 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA) e 101 e seguintes do Real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística (RXU). A aludida disposición transitoria primeira prevé en que supostos debe aplicarse o contido da Lei 30/92, de 26 de novembro, pero en ningún caso é extensible ou aplicable de xeito analóxico ao procedemento de aprobación dos instrumentos de equidistribución. Cada norma (incluso un Plan Xeral de Ordenación Municipal, como tal disposición administrativo de carácter xeral), prevé o seu propio réxime transitorio de aplicación. No PXOM de Vigo, con respecto ós planeamentos de desenvolvemento que foron obxecto de aprobación con anterioridade á entrada en vigor do mesmo, regula dos supostos: Ordenacións e planeamentos que se respectan (artigos 2.7.4 a 2.7.8) e planeamentos cuxa ordenación se modifica (artigos 2.7.9 a 2.7.13). En conclusión, para o análise da aplicabilidade das determinacións do PXOM de Vigo ó desenvolvemento proposto pola Xunta de Compensación, haberá que estar ó disposto no capítulo 2.7 da Normativa Urbanística do PXOMV cando establece o seguinte: “(...) O Plan recolle e incorpora, para os ámbitos con planeamento de desenvolvemento aprobado, as determinacións, xunto coas modificacións que se é o caso establecen, do planeamento vixente que considera compatibles co modelo territorial e de utilización do solo que se adopta (...)”.

2.2 Sobre as determinacións do PEPRI de Bouzas e o Plan Xeral de Ordenación Municipal paa o ámbito.- O PEPRI de Bouzas prevé un ámbito de solo urbano non consolidado denominado “polígono IV” incluíndo entre as súas determinacións a ordenación detallada. Por outra parte, como ben se alude no recurso de reposición, o PXOMV prevé para os solos urbanos non consolidados do PEPRI de Bouzas, unha ficha de desenvolvemento denominada “APR 3-35”. Nesta ficha se prevé dentro do apartado de observacións e recomendacións o seguinte: “(...) esíxese unha determinación dunha reserva mínima do 20% de edificabilidade residencial que haberá de adicarse a vivenda sometida a algún réxime de protección pública, intensidade que permite manter o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas de reparto do Plan Xeral, aprobado provisionalmente en maio de 2006, garantindo a súa viabilidade económica (...)”. Así mesmo na mesma ficha de planeamento, se remite en canto a ordenación ó PEPRI de Bouzas aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 30.09.01. Tense que informar que tanto na redacción anterior da LOUGA (antigo artigo 55.2 e 64.f) como a actual que ven prevista no artigo 47, considera a reserva de solo para a construción de vivenda de protección como unha determinación de planeamento. Naquel caso que nun planeamento non exista reserva de solo destinado a vivenda de protección e se pretenda a súa introdución derivada da aprobación dun novo planeamento ou lexislación, debe terse en conta que afecta tanto o instrumento de ordenación como á

propia xestión. En efecto, o planeamento que establece a ordenación detallada, deberá prever a situación concreta da reserva de solo para vivenda protexida de acordo cos criterios previstos no punto 11º do artigo 47 da actual redacción da LOUGA. En concreto, se deberá evitar a concentración excesiva de vivendas de protección, establecemento de medidas que favorezan a cohesión social e evitar a segregación territorial dos cidadáns por razóns do seu nivel de renda etc... Así mesmo, o Real decreto 2519/78 require da elaboración dunha Ordenanza específica (ou por remisión a outra do Plan Xeral) para aquel caso que exista solo reservado. Polo tanto, son determinacións propias do planeamento urbanístico naquel caso que non estean contempladas deberá procederse a modificación e introdución no instrumento de ordenación. Á mesma conclusión se chegou na Circular do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPT en xaneiro do ano 2006 con ocasión da aplicación inmediata da disposición transitoria primeira da LOUGA. En definitiva, á hora de analizar a incidencia do Plan Xeral no desenvolvemento do polígono IV do PEPRI de Bouzas, tense que acudir ós artigos 2.7.9 a 2.7.13 das Normas Urbanísticas do PXOMV (Réxime transitorio dos planeamentos aprobados cuxa ordenación se modifica). De tal xeito, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na súa sesión de 16.10.08 deu conta do inicio dos traballos de modificación do PEPRI de Bouzas (expte 987/400).

Por outra parte, a introdución dunha reserva de solo destinado a vivenda de protección ten incidencia sobre a propia xestión urbanística. De acordo co previsto no artigo 123.3 da nova redacción da LOUGA derivada da aprobación da Lei 6/08, de 30 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda, a delimitación de polígonos deben ter en conta que non pode existir unha desproporcionada diferenza de cargas de urbanización ou de asignación de reservas para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública. A maior abundamento, non se pode esquecer que a xestión urbanística (fase equidistribución), ten por obxecto a distribución xusta de cargas e os beneficios da ordenación urbanística. Por todo elo, estímase preciso que o planeamento prevea mecanismos que permitan un equitativo reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento. En concreto, a adaptación do planeamento (neste caso do PEPRI de Bouzas) ó parámetro previsto no PXOMV con respecto ó aproveitamento tipo e os seus coeficientes de ponderación. En ningún caso, se poderá acudir directamente a previsión de reserva de solo de vivenda de protección sen antes fixar os criterios ou bases polas que se debe proceder ó reparto entre os propietarios. Efectivamente, é de aplicación ó presente caso o previsto no artigo 2.7.8 (por remisión do 2.7.13) da Normativa Urbanística do PXOMV que prevé o seguinte: "(...) en esos supostos y para el caso de que a la entrada en vigor del Plan Xeral no se hubiera aprobado el proyecto de compensación de forma definitiva, el aprovechamiento susceptible de apropiación será el 90% del aprovechamiento tipo resultante del polígono (...)". Non tería sentido establecer un réxime específico de patrimonialización no PXOMV naquel caso que as determinacións contidas no mesmo non incidiran directamente nos planeamentos aprobados.

En ningún caso pode entenderse que o polígono IV do PEPRI de Bouzas é un "Área de Planeamento Incorporado" (API). Segundo o establecido na Normativa e no Documento de Xestión e Execución (artigo 9.0.6), os APIS son áreas nos que o PXOMV asume xenéricamente as determinacións e xestión de planeamentos redactados no desenvolvemento do Plan Xeral de 1993 ou de Plans anteriores, nos que ademais da aprobación definitiva do plan correspondente cumpríronse os deberes legais de cesión, equidistribución e urbanización. No presente caso, terá tal condición o ámbito do PEPRI de Bouzas, coa excepción daqueles polígonos de solo urbano non consolidado que precisan do cumprimento dos deberes derivados da xestión urbanística e que son descritos xenericamente como APR-3-35. De acordo co criterio previsto no punto 3º do artigo 9.17.1 da Normativa Urbanística, as áreas de planeamento que teñan iniciado o seu desenvolvemento coas determinacións do anterior Plan Xeral do 93, pero que non se dispón da condición de solo urbano consolidado (como é o caso), o plan as denomina como "Áreas de Planeamento Remitido" (APR). As condicións de desenvolvemento veñen fixadas no Documento de Xestión e Execución e na súa propia ficha. As determinacións sinaladas en cada ficha para as diferentes APR terán vinculante en todos os aspectos substantivos do ámbito, que establezan como criterios de ordenación ou trate de asegurar as condicións e normas de calidade urbana ó abeiro do previsto no artigo 48 da LOUGA.

2.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e os artigos 114 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, a competencia para a adopción do presente acordo é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista do informado, PROPONSE o seguinte:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto por don Pablo Mencía Cuerva (doc 80135854) contra o acordo da Xunta de goberno local de data 13.10.08 polo que se inadmitía a trámite o proxecto de compensación do polígono IV do PEPRI de Bouzas.

2.- Comunicar a presente resolución á Xunta de Compensación, informando que unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

43(2056).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A FAVOR DE IMESAPI POLOS TRABALLOS DE SINALIZAICÓN HORIZONTAL E VERTICAL EN RELACIÓN Á MELLORA DE SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 75724/210.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 18.12.08, dáse conta do informe-proposta da técnico municipal, do 19.12.08, conformado polo xefe e o concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transportes e Seguridade, que di o seguinte:

En data 17 de decembro de 2008, a Técnico Municipal emitiu o seguinte informe, co conforme do Xefe de Área de Mobilidade, Transportes e seguridade e do Servizo de Bombeiros:

Na Área de Mobilidade, Tráfico e Seguridade acométense o largo de cada exercicio diversas actuacións encamiñadas a mellora da seguridade vial, o plantexamento e ordenación do trafico, e estacionamento.

Con data 15 de marzo de 2008 finalizou o contrato de mantemento e instalación de sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo.

Con data 6 de febreiro iniciouse un expediente de contratación polo procedemento negociado do servizo de mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo que non rematou.

Con data 2 de abril de 2008 xenerouse o documento contable RC polo importe de 449.725,57 nº de operación 200800015570 ref. Intervención 08.08.RC.001032 euros para o novo contrato de mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo.

Con data 3 de xuño de 2008 iniciouse un expediente de concurso de contratación da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo que sigue en tramitación no departamento de Contratación.

Dende maio de 2008 e fundamentados na necesidade de contribuír a seguridade vial no termo municipal, e no interese público dos mesmos, véñense acometendo diversos traballos de sinalización que abranguen entre outros os seguintes:

- a) Establecemento de sentidos únicos de circulación en numerosas rúas da zona urbana da cidade debido as obras de humanización.*
- b) Creación e modificación de pasos de peóns debido a supresión de barreiras arquitectónicas e acondicionamento das beirarrúas e infraestructuras viarias levadas actuacións desenvolvidas polo departamento de vías e obras.*
- c) A segunda fase da sinalización de carga e descarga con motivo da nova ordenanza posta en marcha polo concello de Vigo.*
- d) A creación de aparcadoiros para motos.*
- e) Modificacións na sinalización horizontal e vertical en toda a zona de praias en colaboración coa Policía Local.*
- f) Modificación de sentidos de circulación motivados polo resultado do consenso cos veciños na zona rural.*
- g) Instalación de bandas reductoras de velocidades en zonas de alta perigosidade de atropelos e accidentes de tráfico.*
- h) Sinalización de prazas de aparcamentos para minusválidos co fin de atender o maior número de demandantes e as zonas máis próximas os centros principais de actividade da cidade.*
- i) Colocación de hitos a petición do departamento de vías e obras.*
- j) Revisión da sinalización das paradas de taxi.*
- k) Instalación de barandillas a petición dos colexios e por propostas do departamento como medida de seguridade vial para os peóns.*

Polos motivos expostos, realizouse un gasto por importe de 358.220,04 euros, sen formalizarse previamente o correspondente expediente de fiscalización e autorización do gasto.

Con data 16 de decembro de 2008, foi presentada por IMESAPI, S.A., no rexistro xeral deste Concello a factura nº 36200029, por un importe de 358.220,04 euros, correspondentes as actuacións realizadas en sinalización, vertical, sinalización horizontal, e unidades complementarias no termo municipal de Vigo durante os meses de maio a decembro de 2008.

Os traballos obxecto da facturación forman parte dunha serie de prestacións realizadas dende esas datas e que correspóndense coa sinalización horizontal, vertical e unidades complementarias que se sinalan nas descrições da factura reseñada.

A solvencia técnica de IMESAPI, S.A. esta suficientemente acreditada polos traballos realizados anteriormente neste ámbito pola empresa, e que quedan acreditados mediante os informes de conformidade dos contratos establecidos con carácter habitual dende febreiro de 2004.

As actuacións acometidas foron as estritamente necesarias para a execución da prestación e ademais os prezos aplicados son correctos e adecuados xa que correspóndense coas cantidades o antigo contrato.

O gasto a convalidar será abonado con cargo a partida 2220.2270602, adicada a actuacións relativas a marcas e viais, e na que no orzamento correspondente ó presente ano existe crédito suficiente.

Considerando que faltou á aprobación do gasto, sendo este defecto un vicio subsanable dende o momento en que existe consignación na partida de gasto correspondente.

Polo exposto, interésase convalidar o gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura nº 36200029 que se achega, por un importe total de 358.220,04 con cargo á partida 2220.2270602 (Concesión marcas e viais) a favor de IMESAPI, S.A. con C.I.F. A-28010178

Sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previo informe favorable emitido polo Interventor en data 18/12/08 a seguinte, PROPOSTA

Convalidar o gasto realizado sen fiscalización previa, e que figura na factura nº 36200029 que se achega, por un importe total de 358.220,04 (IVE incluído) con cargo á partida 2220.2270602 (Concesión marcas e viais) a favor de IMESAPI, S.A. con C.I.F A-28010178.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(2057).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TAELO S. COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL E O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 33869/212.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe en funcións da Policía Local (Decreto 11-12-08) de data 11-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, visto o informe da Intervención Xeral do 19-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con C.I.F. F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 22.261,36 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de setembro, outubro, novembro e decembro de 2008 segundo factura Nº. TR80154/08, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

45(2058).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN DO ANO 2008 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 5554/077.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego de data 10-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Conceder as seguintes axudas económicas, por un importe de 375,00€.

Solicitante	Empresa	CIF	Nº traballadores	Importe da axuda
Paulino Freire Gestoso	Cofradía del Stmo. Cristo de los Afligidos de Bouzas	G36690170	1	375

46(2059).- CONCESIÓN E DENEGACIÓNS DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2008 NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2008-2001. EXPTE. 5555/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego de data 18-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Conceder as axudas económicas aos seguintes solicitantes por un importe total de 56668,71euros:

Nº EXP.	NOME	DNI/CIF	IMPORTE
5509	Xosé Martínez Rodríguez	36142184F	1190,76
5510	Tatiana Iglesias Castro	36124163H	2750,95
5511	Pena y Leirós Asociadas, S.L.	B-27711704	2113,19
5512	Beatriz Lima Millares	36062526K	1872,85
5513	Shejawana, C.B.	B27701614	2277,47
5514	Nuria Recio Blanco	36175168D	2495
5515	Xabapenedo, S.L.U.	B27711811	3000
5518	M ^a José M. Tarrío Aba	35968784G	279,94
5519	Josefa Preciosa Canda Gil	34872781C	1679,88
5520	Carla Gandón Dopico	36160058X	3000
5521	Alejandra Barreiro Figueroa	36129492B	2940,65
5522	M ^a Zoila González Pérez	36008712G	1681,75
5524	Patricia Pereira Barbosa	36140404X	717,38
5525	Iraci De Araujo	X8447184C	2467,24
5528	Eva Díaz-Obregón De Murga	34892741Q	2702,23
5529	Rosa Domínguez Aboy	36175583X	2745,98
5530	María Alvarez Alvarez	36135080X	152,86
5533	Andrés Luis Castro García	36164568N	2779,43
5537	María Carmen Estévez González	34627164C	806,54
5538	Cristina Gambino Sierra	36153104W	3000
5539	O rincón dos petiscos, S.L.	B27707785	2548,79
5540	Franco Roberto Bonilla Quintero	39454986G	1185,85

5541	Ruth Rokiski Pérez	36142752T	768,56
5542	Diana Muñoz Somoza	53180499Z	995,21
5543	Isciri, C.B.	E27707140	2761,68
5544	Elena M ^a López Comesaña	36070234R	270,81
5545	M ^a Susana Pérez Leira	36155392J	1526,5
5546	Veygome Textil, S.L.	B36999498	3000
5562	Juan Costas Rodas	53180497N	940,67
5563	La Ballena que va llena, S.L.	B36994838	1054,99
5565	María Jesús Valverde Abril	36172271X	961,55

2.- Denegar as seguintes solicitudes, unhas por non cumprir os requisitos esixidos, e outras por non achegar a documentación precisa:

Nº EXP.	NOME	DNI/CIF	MOTIVO
5517	Corvi Diamant, S.L.	B27710441	Non cumpre requisitos
5523	Forbe Multimedia, S.L.U.	B27707314	Débedas co Concello
5527	Silvia Troncoso Salgueiro	34260998z	Non cumpre requisitos
5532	Ubica Sistemas, S.L.	B27704501	Non cumpre requisitos
5535	Guanglan Chen	X5631182T	Falta de documentación
5536	José Antonio W. Quiroz Giribaldi	X5479860H	Falta de documentación e débedas concello
5547	Citroclean, S.L.	B36999886	Débedas co Concello
5549	Zeilton José Dos Santos	X7414431Y	Débedas ca Seguridade Social
5557	Talleres Mangore, S.L.	B27709096	Falta de documentación
5558	Cristian Díaz Ferreiro	53185423Q	Falta de documentación
5559	M ^a Pilar Montes García	35502289V	Falta de documentación
5560	Elipse Gráfica, S.L.	B36942092	Falta de documentación e débedas concello
5561	David Gil Noguero	53178163R	Falta de documentación
5564	Miguel Angel Pintos Vila	53187652Z	Falta de documentación
5566	J.J. Automotive, C.B.	E27700467	Falta de documentación
5567	Eurofrogman, S.L.	B27702497	Falta de documentación
5568	Ana M ^a Rodiño Muradás	53196030C	Falta de documentación

47(2060).- APOIO A XESTION DE ESPAZOS MUNICIPAIS. EXPTE.05573/077.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de servizo de Promoción Económica e Emprego de data 19-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“A concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, ao abeiro da Orde de 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio de 2008, as

axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación para o ano 2008, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción e, tal e como establece no artigo 12.5 que “excepcionalmente, e logo da autorización expresa da delegación provincial, poderán utilizarse ofertas especiais cando se trate de seleccionar a mulleres vítimas de violencia”, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social. Así, a través deste programa, a Xunta de Galicia subvenciona os custos salariais totais, segundo o convenio de aplicación, excepto a indemnización por cesamento, que sería a única cantidade que, en concepto de retribución ás persoas participantes, o Concello de Vigo debería cofinanciar en caso de resolución favorable aprobatoria de subvención.

Con data 19 de decembro de 2008 o Delegado Provincial da Consellería de Traballo, asinou Resolución pola que se concede unha axuda por importe de 302.702,64 €, concedida para a execución do servizo denominado “Apoio a xestión de espazos municipais”.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do do seguinte acordo:

1. Aceptar a subvención concedida por importe de 302.702,64 € para execución do servizo denominado “Apoio a xestión de espazos municipais”, aprobado por Resolucións de data 19 de decembro de 2008 o Delegado Provincial da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.
2. Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión da obra e servizo obxecto da axuda, conforme ao establecido na Orde de 19 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio de 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos Programas de Cooperación para o ano 2008.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(2061).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E DIVERSAS ENTIDADES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 5198/77.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 23-10-2008, do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, conformado polo concelleiro-delegado de área e fiscalizado pola Asesoría Xurídica o 12-11-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a sinatura dos convenios de colaboración coas entidades e/ou axentes sociais: Confederación de Empresarios de Pontevedra, UGT-Vigo, CC.OO.-Vigo, CIG-Vigo, Asociación Jóvenes Empresarios e a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra.
- 2.- Delegar a sinatura dos mesmos no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá , Santos Héctor Rodríguez Díaz.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVÉS DA ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ E PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. PROXECTO NÚM. 12. ENMARCADO NAS AXUDAS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL EUROPEO PARA O PERÍODO 2007-2013, DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO “ADAPTABILIDADE E EMPREGO”

En, o día dede dous mil nove.

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez como Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, ao amparo das facultades que lle concede o seu nomeamento o 16 de xuño de 2007.

Doutra, D. -----, como -----, de -----, en representación da mesma, ao amparo das facultades que se lle concederon en -----

DECLARAN:

Que o Concello de Vigo e, en concreto, a área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, no ámbito das atribucións do artigo----- correspóndelle o exercizo das funcións atribuídas, -----.

Que foi presentado á convocatoria do MAP de axuda con cargo ao Fondo Social Europeo- Período 2007-2013, convocatoria 2007, prevista no correspondente .PO de Adaptabilidade e Emprego, dirixido a fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, o proxecto Imos Traballar, con número 12.

Que dito proxecto foi aprobado mediante resolución do 14 de maio de 2008, pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolveron as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria 2007 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013.

Que no desenvolvemento do proxecto, o Concello de Vigo, realiza diversas funcións de asesoramento, dirección do pacto, difusión das actividades e participación nos órganos de control e xestión, así como apoia o financiamento do proxecto, polo seu interese de mellorar o emprego na cidade de Vigo.

En consecuencia, ambos organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre Concello de Vigo e -----, para a execución de diversas actividades do proxecto “Imos Traballar”, ao amparo da convocatoria 2007 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013, que foi aprobado por decisión do Comité de Valoración da Secretaría de Estado de Cooperación territorial con data 14 de maio de 2008.

SEGUNDA.- As actividades a desenvolver no marco do programa son as previstas no proxecto “Imos Traballar” e na solicitude de participación, coas contías globais de gasto alí establecidas, conforme detállanse no anexo I do presente convenio.

TERCEIRA.- O desenvolvemento das actividades axustarase ao programa e á duración establecida no proxecto aprobado anexo a este convenio, o establecido na solicitude de participación, no Programa

Operativo de Adaptabilidade e Emprego, o indicado na decisión de aprobación e nas instrucións que no seguimento do proxecto poidan aprobarse.

CUARTA.- Para o seguimento global e os temas que requiran modificacións do proxecto aprobado, crearase unha Comisión de Seguimento, formada polo Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, un representante de----- e un/unha funcionario/a de o servizo de Promoción Económica e Emprego que actuará como secretario/a.

As reunións desta Comisión realizaranse a solicitude dalgunha das partes ou previo ás solicitudes de pago, coa finalidade de realizar a correspondente certificación.

QUINTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecen circunstancias que aconsellasen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio en relación coa participación no proxecto Imos Traballar, esta poderá ser aprobada polo Alcalde de Vigo logo da solicitude e xustificación da proposta, sempre que a devandita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado polo MAP.

SEXTA.-Os membros de ----- destinarán a realizar este proxecto, de entre o seu persoal, aquel que sexa necesario para a correcta realización das accións programadas, contratando aquel de o que non dispoña, sen que en ningún momento signifique relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo.

Os membros de-----, están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación.

SÉTIMA.- Dentro da xestión do proxecto atenderase especialmente a formación dos/as usuarios/as, a súa tutorización e seguimento, a información sobre cada actuación e a difusión dos resultados aos colectivos máis desfavorecidos da cidade de Vigo, co fin de fomentar a súa participación no proxecto.

OITAVA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, adoptaranse as medidas de identificación, información e publicidade que se prevén no artigo 69 do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, do 11 de xullo de 2006 e nos artigos 2 a 10 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os estados membros en relación coas intervencións dos Fondos Estruturais.

En calquera caso as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan polas Entidades beneficiarias dirixidas tanto ao público en xeral como aos desempregados participantes nos proxectos, deberán indicar claramente a participación da Unión Europea (a través do Fondo Social Europeo) no cofinanciamento dos mesmos.

O Concello de Vigo poderá utilizar libremente para os seus fins propios os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos do Concello

NOVENA.- O Concello de Vigo cederá parte do financiamento que se lle asignou desde o MAP a ----- para que o designe ao financiamento de actividades do proxecto “Imos Traballar”, por importe de----- euros -----, dos que a -----corresponderán á anualidade de 2008 que se financiarán con cargo á partida orzamentaria ----- do orzamento en vigor para este ano, para a realización de actividades en Vigo durante a duración do proxecto (dende a súa aprobación a trinta e un de maio de 2011).

Aos efectos do aboamento da devandita cantidade, a Comisión de Seguimento, a entidade -----certificará ante o Concello de Vigo a realización das accións conforme ao establecido no proxecto aprobado. Para o pago chegarase:

- Documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñan pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública.
- Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económico e emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada conta xustificativa, no que se porá non de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:
 - a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará se é posible, a seguinte información:
 - Denominación do curso, proxecto ou gasto subvencionado
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo afectado, número de beneficiarios/as e programación desenvolvida.
 - Nos cursos de formación, se engadira ao anterior en folla aparte o programa do curso, horas de formación e a identificación dos/as participantes e do monitor/a con os seus apelidos e nome, dirección e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas.
 - Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, ou o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. As devanditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:
 - Número e no seu caso serie.
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
 - Dirección (tanto do expendedor como do tomador da factura)
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, e se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.
 - Lugar e data de emisión.
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.
- Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

DÉCIMA.- A entidade -----, á finalización de cada trimestre natural, comprométese a entregar ao Concello de Vigo unha certificación de gasto e pago de cada unha das actividades realizadas. Para iso,

fornecerá ao Concello de Vigo a información que lle sexa requirida a través dun sistema informático de seguimento dos gastos das operacións, remitindo a devandito organismo a xustificación documental que se determine nas instrucións que lle sexan facilitadas. Unha vez comprobada que a certificación é correcta, o Concello de Vigo aboarálle en concepto de adianto á entidade----- o importe correspondente á cantidade certificada.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A xustificación dos gastos das accións realizadas por ----- estará soportada en pezas contables que serán conservadas pola mesma, tendo en conta todas as disposicións aplicables aos Fondos Estruturais en materia de elixibilidade, xestión e control, así como os sistemas de xestión e control establecidos pola autoridade de xestión do Programa, o Organismo intermedio e, no seu caso, os aprobados pola Comisión relativos á intervención.

Neste sentido, a entidade ----- deberá:

- Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións relacionadas cos proxectos subvencionados a través destas axudas do FSE.
- Garantir a dispoñibilidade física da documentación xustificativa correspondente aos gastos elixibles certificados, durante o tempo previsto no artigo 90 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello do 11 de xullo de 2006. e o artigo 19 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de Decembro. Ós devanditos efectos conservaranse os orixinais dos documentos ou copias certificadas conformes cos orixinais sobre soportes de datos xeralmente aceptados.

DÉCIMO SEGUNDA.- Á finalización do convenio, entregarase a memoria de actividades realizadas cos seguintes contidos mínimos:

- Descrición xeral das medidas e accións levadas a cabo e os seus obxectivos.
- Relación de accións realizadas, con indicación do tipo de accións, número de beneficiarios, duración e lugares de realización.
- Sistemas implantados para o control financeiro con indicación dos responsables do mesmo.
- Criterios e mecanismos de seguimento e avaliación.

DÉCIMO TERCEIRA.- En calquera momento, durante a vixencia do Convenio, o Concello de Vigo poderá efectuar as comprobacións e realizar as inspeccións que estime convenientes ao obxecto de comprobar a realidade da execución do proxecto.

DÉCIMO CUARTA.- Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados no mesmo, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos con-----, e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas de acordo co Decreto 3/1997, do 9 de xaneiro polo que se regula o réxime de devolución de subvencións na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo.

DÉCIMO SEXTA.- O presente convenio ten natureza administrativa, así, en caso de controversia sobre a interpretación e execución das cláusulas do mesmo, estas resolveranse por unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por ambas as partes. No suposto de diverxencias na interpretación e execución do mesmo, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo o competente para a súa resolución.

49(2062).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS CENTRAIS SINDICAIS. EXPTE. 36848/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do Área de Benestar Social de data 8 de outubro de 2008, conformado pola concelleira delegada, no que figura un selo co "Intervido e conforme" do interventor xeral, visto o informe do titular da Asesoría Xurídica de data 30 de outubro, así como da Intervención Xeral de data 28 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as Centrais Sindicais para o mantemento das oficinas de información social e xuvenil e formación dos colectivos relacionados coa área de Benestar Social, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

2.- Autorizar o gasto de 50.000 euros con cargo á partida convenio sindicatos 3130.4890001.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS CENTRAIS SINDICAIS PARA O MANTEMENTO DAS OFICINAS DE INFORMACIÓN SOCIAL E XUVENIL, E FORMACIÓN DE COLECTIVOS RELACIONADOS COA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL.

Vigo, de de 2008

Reunidos:

Dunha parte, D^a María Jose Mendez Piñeiro, con DNI. 35252900H, Delegada da área de Benestar social, en virtude do decreto de Alcaldía do 5 de xullo de 2008 e acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo.

Doutra parte, D. José Cameselle Romero, DNI. 35985378, en nome e representación da Unión Comarcal de Comisións Obreiras; D. Xerardo Abrales Fernández, DNI. 36040431, pola Confederación Intersindical Galega e D^a Olga Alonso Suárez, DNI. 36042551X, pola Unión Xeral de Traballadores.

Ambas partes recoñécense mutua capacidade para conveniar e

E X P O Ñ E N

A Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.1, di que os municipios no ámbito das súas competencias poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade.

Que a participación das Centrais sindicais no funcionamento do sistema democrático é fundamental, recoñecéndolle a contribución que teñen na defensa dos intereses sociais que lle son propios, converténdose en entidades colaboradoras das Administracións Públicas.

Así mesmo o Concello de Vigo desenvolve, entre outros programas especializados, o servizo de información, formación e asesoramento dos recursos en materia de servizos sociais dirixido a suplir as necesidades da poboación ata onde sexa posible, así como actuar cara os diferentes colectivos que polas súas características merecen unha especial atención.

Os diversos puntos de información representan un indubidable beneficio para a poboación, pois conxúganse os dereitos activos coma os pasivos cos recursos sociais ós que poidan acceder traballadores en xeral, pensionistas e mocidades, de aí a necesidade de profesionais adecuados na atención.

A información, formación e asesoramento adecuado posibilita o acceso dos cidadáns ós recursos sociais que lles procura conseguir mellores niveis de calidade de vida.

Que a Excm. Corporación Municipal, consciente desta realidade e á vista da experiencia adquirida con actuacións deste tipo, quixo deixar plasmada unha axuda económica para o mantemento das oficinas de información social de que dispoñen as centrais sindicais de Vigo, acordando a creación dunha partida de subvención –a 4890001-, dentro do programa de gasto 3130, cun importe de 50.000€.

Que as centrais sindicais aportan as memorias correspondentes do sistema de información social implantado por cada unha delas, cumprindo o obxectivo da consignación anteriormente sinalada, polo que procede conveniar a concesión directa da subvención, articulándose o presente convenio para elo, de acordo co Capítulo III da Lei 38/2003, de 17/11/03, Xeral de subvencións.

CLAUSULAS

Primeira

É obxecto do presente convenio a formación dos distintos usuario, posibles usuarios e colectivos relacionados co departamento de Benestar Social, así como o mantemento das oficinas de información social e xuvenil situadas nas Centrais sindicais implantadas na cidade; Comisións Obreiras, Confederación Intersindical Galega e Unión Xeral de Traballadores que singularizan o asesoramento que, en xeral, veñen ofrecendo.

Segunda.

O ámbito das actividades específicas das oficinas ou puntos de información emprazados nas Centrais sindicais coordinaranse efectivamente co S.I.O (Servizo de información, orientación e asesoramento sobre recursos e dereitos sociais) dos Servizos Sociais de atención primaria do departamento de Benestar Social do Concello, que lles prestará a colaboración que demanden ata onde sexa posible, descentralizándose aínda máis e facilitando o acceso ós servizos sociais xerais.

Terceira.

Polo presente convenio, cada unha das centrais sindicais, individualmente comprométese a:

- 1. Desenvolver as actividades específicas do obxecto ofrecendo toda a información posible sobre os recursos sociais e xuvenís a disposición dos usuarios potenciais no horario de 9:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00.*
- 2. Dispoñer os medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento dos puntos de información, contando, como mínimo, cun profesional do traballo social o graduado social.*
- 3. Realizar cursos ou xornadas de formación para usuarios ou colectivos relacionados co departamento de Benestar Social.*
- 4. Atender as indicacións técnicas do persoal técnico municipal, cando sexan precisas para o correcto desenvolvemento das actividades.*
- 5. Participar nas reunións de coordinación marcadas e a petición do persoal técnico do Concello.*
- 6. Facer constar na publicidade das actividades que impliquen divulgación, difusión ou publicación, que se atopan subvencionadas polo Concello.*

Cuarta.

O Concello de Vigo, pola súa banda comprométese a:

- a) Garantir a prestación adecuada das actividades motivo do convenio, como responsable último do proxecto.*

- b) *Articular os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das accións.*
- c) *Facilitar información sobre cursos ou xornadas de interese, así como relación de posibles usuarios dos servizos sociais interesados nos mesmos.*
- d) *Dispor os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades que lle corresponden segundo o convenio.*

Quinta.-

O persoal que atenderá os puntos de información de acordo coas memorias que achegan cada unha delas e o persoal que imparta a formación, será dependente das centrais sindicais asinantes, sen que en ningún caso se estableza vínculo laboral co Concello de Vigo, correndo por parte das mesmas toda clase de obrigacións.

Sexta.-

As centrais sindicais asinantes disporán dos locais suficientes e nas debidas condicións para o desenrolo das actividades obxe to deste convenio aportando o material preciso para elo e que estarán debidamente sinalizadas con indicación suficientemente visible da colaboración municipal no seu funcionamento.

Sétima.-

Crease unha Comisión mixta de seguimento do convenio para entender as controversias que poidan presentarse na súa aplicación así como analizar a marcha dos puntos de información e a efectividade da coordinación cos servizos de atención primaria municipal así como a análise dos informes de actividade que se sinalan no convenio

A Comisión constitúese cun representante por cada unha das centrais convenientes e tres representantes do Concello designados pola Concelleira de Benestar Social .

Oitava.-

Para a realización dos servizos descritos no presente convenio, o Concello aportará a cada unha das centrais sindicais asinantes, con cargo á partida orzamentaria 3130.4890001 unha cantidade igual de 16.666 € no exercicio 2008

Novena.-

Con referencia ó pago das cantidades acordadas como presuposto do presente convenio, o Concello de Vigo aboará o importe comprometido da seguinte maneira:

- a) *8.000 € una vez asinado o presente convenio e previa presentación de xustificantes de gasto polo importe indicando. Os xustificantes reunirán os requisitos indicados no punto 2.b da presente cláusula e serán certificados de conformidade polo/a funcionario/a responsable do programa.*
- b) *8.666€ previa presentación de xustificantes de gasto polo importe indicando. Os xustificantes reunirán os requisitos indicados no punto 2.b da presente cláusula e serán certificados de conformidade polo/a funcionario/a responsable do programa.*

Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade subvencionada e realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2008.

As Centrais sindicais comprométense a presentar antes do día 30 de xaneiro de 2009, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino a Servizos Sociais, achegando a conta xustificativa formada polos seguintes documentos:

1.- *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*

2.- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:*

- a) *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso data de pago.*
- b) *Facturas orixinais e demais documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, polo importe total da subvención concedida admitíndose, indistintamente, xustificantes de gasto por calquera das actividades obxecto do convenio. As facturas terán que reunir as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios.*
- c) *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

3.- *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividade subvencionada .

Cando se xustifiquen gastos que constituán rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Rendas das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administracións Tributarias.

Declaración de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social utilizando o réxime simplificado de acreditación do artigo 31 da Lei 9/2007 de subvención de Galicia.

4.- *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención , e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias*

5.- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe da actividade subvencionada e o interese de demora correspondente.*

Décima.-

As centrais sindicais deberán presentar antes do 30 de xaneiro de 2009 a seguinte documentación:

- a) *Memoria da actividade desenvolvida e avaliación xeral das accións, indicando o número de receptores da actividade.*
- b) *Informe-resumen no que figure o número das informacións facilitadas e a información impartida relativo ao obxecto deste convenio, dividida en áreas de actuación, segundo clasificación indicada anteriormente, destacando a problemática en cada unha delas.*

Decimo primeira.-

O presente convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2008.

Decimo segunda.-

O persoal técnico do Servizo de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que e poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto

da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo terceira.-

A concesión de subvención ao amparo da presente convocatoria será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade, sempre que o importe global das mesmas non supere o custo total do servizo.

Décimo cuarta.-

A lexislación aplicable é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicados no encabezamento.

50(2063).- PROPOSTAS DE OUTORGAMENTO DE COMPLEMENTOS DE PRODUTIVIDADE TRAMITADAS NOS EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS 11/105, 12/105, 13/105, 14/105, 15/105, 2321/252 E 436/446.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

ANTECEDENTES.- Nos expedientes constan propostas do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, algunhas delas realizadas en virtude de solicitude previa dos funcionarios responsables das distintas unidades administrativas ou do concelleiro-delegado de área. As propostas xustifican as razóns do devengo do complemento de produtividade. Nos expedientes 12/105 e 13/105 constan informes da técnica de Recursos Humanos.

Con data de 18-12-2008 o interventor xeral emite informe de fiscalización.

ACORDO:

Por unanimidade dos membros presentes, de conformidade coas propostas existentes, a Xunta de Goberno Local acorda abonar ós funcionarios que se citan os seguintes complementos de produtividade:

Expte. 11/105 ALCALDÍA:

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Beatriz Carrasco González	80569	1.231,58

Expte. 12/105 INTERVENCION

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Begoña Villar González	23805	1.100,00
Carolina Vicente Rodríguez	22119	1.100,00
Olga Abalde Posada	17957	1.100,00
Baltasar López Pérez	23640	1.100,00
José María Rodríguez Calvo	23679	1.100,00

Expte.13/105 INTERVENCION

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Luis García Álvarez	20333	13.000,00
Mª Catalina Alfayete Rodríguez	79850	4.300,00
Belén Pérez Barreiro	19270	4.300,00
Javier Muradás Blanco	23337	4.300,00

Expte.14/105 ESTATÍSTICA

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Mª Isabel Ayuso Torres	30308	1.000,00
Elvira González Gallego	12776	900,00
Montserrat Bahillo Varela	21723	700,00
Luis Acuña Reyes	76511	700,00
Ana Mª Fernández Priego	22504	700,00
José C. Vázquez Míguez	80575	700,00
Mónica García Guntiñas	79839	700,00
Beatriz Gago Louzao	80573	700,00
Mª Jesús Lorenzo Núñez	77905	700,00

Expte. 15/105 ASESORÍA XURÍDICA:

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
José Abelardo Blanco Serrano		4.750,00

Expte. 2331/252 LIMPEZA:

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Benjamín Collazo Rodríguez	78894	4.395,44

Expte. 4346/446 MONTES, PARQUES E XARDÍNS:

NOME	Nº PERSOAL	CANTIDADE
Gilberto Moldes Crespo	77459	5.400,00

	TOTAL	53.777,02
--	-------	-----------

51(2064).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.